



FICHA DE TRABALLO	
MÓDULO	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA
UNIDADE DIDÁCTICA	UD2
ACTIVIDADE : 4	Tinción negativa para observar a cápsula bacteriana

PROTOCOLO NORMALIZADO DE TRABALLO

OBXETIVOS

- Obxetivos xerais:
 - Estudar as estruturas bacterianas con valor no proceso de identificación.
 - Comparar os distintos tipos de colorantes utilizados ata o momento.
- Obxetivos específicos:
 - Aplicar tinción negativa a mostras problema.
 - Observar a cápsula bacteriana.

MATERIAIS

- Mostras problema.
- Pipeta Pasteur.
- Asa de sementeira bacteriolóxica.
- Chisqueiro.
- Ponte de tinción.
- Cristalizador
- Portaobxetos
- Cubreobxetos
- Pinzas.
- Microscopio óptico.
- Aceite de inmersión.
- Tinta china

MÉTODO

1. Limpar e desinfectar a zona de traballo. Colocar un papel de filtro e dispor todos os materiais necesarios para desenvolver o procedemento.
2. Prender o chisqueiro, tomando las precauciones necesarias para evitar quemaduras.
3. Flamear a asa de sementar ata a incandescencia. Deixar enfriar, coidando sempre de manternos dentro do perímetro de esterilidade do chisqueiro (uns 15 cms). Cargar a asa de sementar coa mostra.
4. Nun portaobxetos colocar unha gota de tinta china, e sobre ésta resuspender a mostra facendo unha emulsión no centro do porta, cubrir a preparación cun cubreobxetos .
5. Levar a preparación ó microscopio óptico, para a observación da cápsula bacteriana.
6. Observar a 100X.

RESULTADOS

1. Documenta con fotos os pasos que foches realizando e os resultados obtidos.
2. Comenta os resultados obtidos.

CUESTIÓN

1. Qué tipo de colorante é a tinta china?
2. Por qué non penetra a tinta china na cápsula e parede bacteriana?